

**REGULAMENTO DE REXIME INTERNO  
DA FACULTADE DE CIENCIAS**  
**(Aprobado en Xunta de Facultade o 4 de abril de 2017)**



## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presente Regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio), e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da Facultade de Ciencias fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario sexan de aplicación. En concreto:

- Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril
- Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro
- Leis 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público.

---

## **TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO DE APLICACIÓN E DO RÉXIME XURÍDICO**

### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento**

O presente Regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade de Ciencias.

---

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

O presente Regulamento será de aplicación á Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus componentes en canto membros da mesma.

---

### **Artigo 3. Régime xurídico**

1. A Facultade de Ciencias rexerase pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e das Comunidades Autónomas no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicaranse as Leis 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público.



3. A súa xestión estará ordenada polo principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipessoais, do respecto as minorías e da participación libre e por igual de todos os seus membros, na forma disposta no presente regulamento.
4. Contra as resolucións e acordos dos órganos do centro cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes, que se formulará perante o reitor/a no caso de resolucións ditadas por un órgano unipessoal, ou ante o Consello de Goberno, no caso de acordos emanados da Xunta de Facultade. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnable perante a xurisdición contencioso administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.
5. Os órganos de goberno da Facultade de Ciencias asumen o uso da lingua galega de acordo co regulamento xeral de uso da lingua galega na UDC.

---

## **TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS**

### **Artigo 4. Natureza**


A Facultade de Ciencias é encargada da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos con carácter oficial e validez en todo o territorio español, así como da xestión de calidade dos mesmos.

---

### **Artigo 5. Funcións**

Son funcións da Facultade de Ciencias :

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que se imparten nela.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudiantes que cursasen ou cursen estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións solicitadas polos estudiantes da Facultade.
5. Administrar a asignación orzamentaria da Facultade e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades de formación continuada, tanto no ámbito académico como no da investigación.
7. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
8. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
9. Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste, de plans de estudo conxuntos con outras Universidades, nacionais ou estranxeiras.



10. Celebrar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente.
11. Calquera outra que lles atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

---

## TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE

### CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DA FACULTADE

#### **Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Ciencias**

Son membros da Facultade de Ciencias o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos á mesma, así como os estudiantes matriculados nunha das titulacións oficiais impartidas pola Facultade.

Os profesores que se incorporen á Universidade quedarán adscritos á Facultade que lles asigne o correspondente Departamento.

---

### CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE

#### **Artigo 7. Órganos de governo da Facultade**

Para o governo, representación e administración da Facultade de Ciencias establecense os seguintes órganos:


- a) Colexiados: Xunta de Facultade
- b) Unipessoais:
  - Decano/a da Facultade
  - Vicedecanos/as da Facultade
  - Secretario/a da Facultade

---

### SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

#### **Artigo 8. Composición da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade estará composta por:
  - a) O/a Decano/a, que a convocará e presidirá.
  - b) Os Vicedecanos/as e o/a Secretario/a, que o será tamén da Xunta.
  - c) Todos os profesores con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51 por cento do número total de membros da Xunta. Unha representación do resto de profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación, que colabore na docencia nunha proporción do 12%, sempre que sexa posible.
  - d) Unha representación dos estudiantes nunha proporción do 28%.



- e) Unha representación do persoal de administración e servizos nunha proporción do 9%.
2. Quen imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Centro no que desenvolva maioritariamente a súa docencia.
3. Os representantes na Xunta de Facultade serán elixidos para un período de dous anos.

---

#### **Artigo 9. Competencias da Xunta de Facultade**

Como órgano colexiado de goberno da Facultade, á Xunta de Facultade correspónelle:

1. Elixir o Decano/a e, se é o caso, revogalo/a.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración da Facultade.
3. Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se imparten na Facultade.
5. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente da Facultade en coordinación cos departamentos adscritos á mesma.
6. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos planos de estudio e os obxectivos establecidos para cada titulación.
7. Programar os servizos e equipamentos da Facultade e máis supervisar a súa xestión.
8. Acordar a distribución do orzamento concedido á Facultade e controlar a súa aplicación.
9. Elaborar o Regulamento de Régime Interno da Facultade, propoñelo, para a súa aprobación, ao Consello de Goberno, e estudar as súas modificacións.
10. Supervisar a xestión e servizos da Facultade.
11. Crear as comisións que considere oportunas para o estudo de temas específicos e, se é o caso, revogalas.
12. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
13. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.



---

## **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

### **Artigo 10. Do Decano/a da Facultade**

1. O/a Decano/a da Facultade ten a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.
2. Será nomeado polo Reitor/a, logo de elección pola xunta de centro, entre profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao centro.
3. A duración do mandato do Decano/a será de catro anos, podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
4. O/a Decano/a cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, aprobada por maioría absoluta da Xunta de Facultade.

---

### **Artigo 11. Funcións do Decano/a da Facultade**

Corresponde ao Decano/a:

- a) Representar á Facultade.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado dela e máis executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades da Facultade, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Proporlle ao Reitor/a o nomeamento e cesamento do Vicedecano/a ou Vicedecanos/as, e Secretario/a da Facultade.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos á Facultade.
- g) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais e os Estatutos da Universidade da Coruña vixentes.

---

### **Artigo 12. Vicedecanos/as da Facultade**

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o Decano/a contará co auxilio dos Vicedecanos/as, nas áreas de actividade ás que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, sendo nomeados polo Reitor/a a proposta do Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade.



2. Serán funcións do Vicedecano/a dirixir e coordinar, baixo a autoridade do Decano/a, a área de competencia que éste lles asigne. No caso de existir varios, o Decano/a designará quen o deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

3. Os Vicedecanos/as cesarán no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do Reitor/a, a proposta do Decano/a, en todo caso, cando conclúa o mandato do Decano/a.

---

### **Artigo 13. Secretario/a da Facultade**

1. O Secretario/a da Facultade é o que dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración da Facultade.

2. Será nomeado polo Reitor/a, a proposta do Decano/a, entre profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao centro.

3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o Secretario/a será substituído polo Vicedecano/a que determine o Decano/a.

4. Serán funcións do Secretario/a, ademais das legalmente establecidas, as seguintes:

- a) A formación e custodia do libro de actas da Xunta de Facultade
- b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
- c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
- d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f) Calquera outra función que lle delegue o Decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña en vigor.

5. O/A secretario/a cesará no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do Reitor/a, a proposta do Decano/a, en todo caso, cando conclúa o mandato do Decano/a.

---

## **TÍTULO III. DO FUNCIONAMENTO DA FACULTADE**

### **Artigo 14. Funcionamento da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade reunirase en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, dúas veces ao ano e, en sesión extraordinaria, sempre que o Decano/a a convoque por propia iniciativa ou a solicitude do 25% dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos trinta días seguintes ao de recepción da solicitude.



2. A orde do día das sesións será fixada polo Decano/a, asistido polo Secretario/a e o equipo decanal, tendo en conta, no seu caso, que calquera dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día, mediante escrito xustificado e asinado alomenos polo 10% dos membros da Xunta ou por todos os membros dun sector da mesma. En tal caso, dito punto incluirase na primeira sesión que se convoque. Se a solicitude de inclusión se fixera posteriormente á convocatoria dunha Xunta de Facultade, quedará para a seguinte convocatoria.
3. A convocatoria das sesións ordinarias da Xunta de Facultade será efectuada polo Secretario/a da Facultade por orde do Decano/a ou de quen legalmente o substitúa. Dita convocatoria incluirá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día da mesma. As citacións da convocatoria cursaranse polo Secretario/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban dous días antes da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.
4. Nela figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da/s acta/s anterior/es, informes do Decano, asuntos de trámite, asuntos para debate, asuntos para a aprobación e rogos e preguntas.
5. As citacións levaranxe a cabo mediante notificación por correo electrónico a todos os membros.
6. En todos os supostos a documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparanse tanto na Secretaría do decanato da Facultade coma no repositorio institucional a disposición de todos os membros da Xunta de Facultade polo menos con dous días de antelación á celebración da Xunta de Facultade.
7. Cando a natureza dos asuntos a tratar así o requira, a xuízo do Decano/a, poderase convocar ás sesións do Pleno ou, no seu caso, ás dalgunha Comisión, ás persoas que se estime necesario, con voz pero sen voto.
8. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sujetas aos mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só un día de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluirán na Orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes e rogos e preguntas. A documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparanse na Secretaría do decanato da Facultade e no repositorio institucional, a disposición de todos os membros da Xunta de Facultade, polo menos con un día de antelación á celebración da Xunta de Facultade.
9. As sesións celebraranse nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles.

---

## **Artigo 15. Constitución**

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do Decano/a e Secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa, e da metade, alomenos, dos seus membros.



De non se alcanzar dito quorum, e a menos que na notificación se convocara a sesión en única convocatoria, a Xunta de Facultade poderá constituírse en segunda convocatoria, 30 minutos despois, coa presenza do 25% dos seus membros, e, en todo caso, a do Decano/a e Secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa.

---

#### **Artigo 16. Asistencia e desenvolvimento das sesións**

1. A sesión estará presidida polo Decano/a asistido polos membros do equipo decanal.
2. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran. Para elo, a Facultade poderá, nos horarios de celebración da Xunta de Facultade, suspender todas as actividades lectivas.
3. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
4. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza, perante o Secretario/a de Facultade.
5. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 14, apartado 7.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
7. No suposto de excesiva duración do Pleno, quen a preside poderá disponer a interrupción da mesma, fixando o día e hora en que debe restablecerse.

---

#### **Artigo 17. Votacións e adopción de acordos**

1. As votacións poderán realizarse por asentimento, a proposta do Decano/a da Facultade, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O Decano/a da Facultade decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que deba adoptarse teña carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non susciten oposición de ningún membro do mesmo e que non se requirira outra forma de votación por ningún membro.
2. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás en aqueles supostos en que se esixa, legalmente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a Presidente/a decidirá, co seu voto de calidade.
4. Cando houbese que decidir entre mais de dúas opinións, deberá realizarse unha segunda votación entre as dúas opcións mais votadas inicialmente, agás que una delas acadase xa maioría absoluta dos votos emitidos.



5. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estean propostas en cada punto da orde do día e en relación directa coas mesmas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a "Informes" e "Rogos e Preguntas".
6. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.
7. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto por correo. Tampouco será admitido o voto anticipado.

---

## **Artigo 18. Actas**

1. De cada sesión que celebre a Xunta de Facultade levantarase acta polo Secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que aportaran xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.
2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra, por escrito, da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto ou no prazo que sinale o/a Presidente/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.
3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días, que se incorporará ao texto aprobado.
4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poda derivarse dos acordos.
5. As actas aprobaranse na seguinte sesión pudendo, non obstante, emitir o Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia. Para a súa aprobación, as Actas estarán a disposición de todos os membros da Xunta desde o momento da convocatoria oficial. Calquera modificación ou inclusión na Acta deberá realizarse por escrito dirixido ao Decano/a polo menos 3 horas antes do comezo da sesión, salvo que se trate de modificacións puntuais ou de menor calado (a xuízo do/a Decano/a e exista acordo unánime sobre a súa oportunidade)

---

## **Artigo 19. Das Comisións da Facultade**

1. A Xunta de Facultade, a efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír Comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán



capacidade decisoria, debendo elevarse todas as propostas que se adopten á Xunta de Facultade ou ao Decano/a, no seu caso, que decidirán en última instancia. Estas poden ser estables (se recollen neste Regulamento) ou conxunturais.

2. As Comisións estarán compostas polos membros da Xunta de Facultade designados pola mesma. Os membros de todas as comisións serán elixidos no seo da Xunta de Facultade aplicando un criterio sectorial. Cada sector elixirá os seus representantes mediante un sistema de listas aberto, aplicando un criterio maioritario corrixido (nunha lista non se pode votar mais de dous terzos do número de postos que hai que cubrir), que garanta o respecto ás minorías.
3. As comisións renovaranse con carácter xeral cada dous cursos académicos.
4. As funcións que correspondan a cada Comisión asignaranse pola Xunta de Facultade.
5. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente Regulamento.
6. Os documentos estratéxicos ou de carácter persoal cos que traballan as comisións deben ser confidenciais.

7. A Facultade terá as seguintes comisións de carácter estable:

- Comisión Académica
- Comisión de Garantía de Calidade
- Comisión de Infraestruturas e Servizos
- Comisión de Cultura
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Normalización Lingüística

---

## **Artigo 20. Comisión Académica**

1. Ten por funcións:
  - a) A coordinación das propostas do plano docente anual (PDA) de cada título e do plan de organización docente (POD) de cada departamento para o que se terán en conta criterios de racionalidade académica.
  - b) Debater as propostas de implantación de novos estudos no centro (XF 27/07/2005); no seu caso, proponer á Xunta de Centro que se encomende a elaboración do plan de estudos a unha comisión conxuntural redactora *ad hoc*.
  - c) Coñecer e informar acerca dos conflitos derivados de situacións académicas irregulares que se producen no Centro, despois de dar audiencia ás partes implicadas.



- d) Propoñer un calendario para as convocatorias oficiais de exame, para o que se contará coas opinións dos diferentes sectores e sempre dentro dos prazos que fixe a Universidade.
- e) Resolver, por desconcentración da Comisión de Plan de Estudos, delegada do Consello de Goberno, as solicitudes de validacións e adaptacións segundo a Normativa de convalidacións e adaptacións.
- f) Emitir informe vinculante ao decano nos recoñecementos e transferencias segundo se prevé na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior.
- g) Coñecer, proponer e supervisar actividades de formación continuada ofertadas pola Facultade.
- h) Calquera outra función de tipo académico que lle atribúa a Xunta de Centro.

2. A Comisión Académica estará composta por:

- a) O/A Decano/a, ou Vicedecano/a en quen delegue, que a preside e convoca.
- b) O/A Secretario/a académico do centro, que exercerá como tal na comisión, actuará con voz e terá voto.
- c) Cada un dos directores dos departamentos adscritos á Facultade, ou persoas nas que deleguen.
- d) Un representante das áreas de coñecemento que teñan encargo docente no centro e non pertenezcan a departamentos da Facultade.
- e) O/A Administrador/a do Centro.
- f) Tres representantes do alumnado.

---

## **Artigo 21. Comisión de Garantía de Calidade**

1. Ten por funcións:

- a) Verificar a planificación do SGIC do Centro, de modo que se asegure o cumprimento dos requisitos xerais do MSGIC, da política e os obxectivos da calidade e dos requisitos contemplados nas guías de verificación e certificación correspondentes.
- b) Elaborar o borrador da política e os obxectivos xerais da calidade do centro.
- c) Realizar o seguimento da eficacia dos procesos a través dos indicadores asociados a os mesmos.
- d) Controlar a execución das accións correctivas y/o preventivas, das actuacións derivadas da revisión do sistema, das accións de resposta ás suxestións, queixas e reclamacións e, en xeral, de calquera proceso que non teña asignado especificamente un responsable para o seu seguimento.



- e) Estudar e, no seu caso, aprobar a implantación das propostas de mellora do SGIC suxeridas polos restantes membros do Centro.
- f) Decidir a periodicidade e a duración, dentro do seu ámbito de competencia, das campañas de recollida de enquisas de medida da satisfacción dos grupos de interese (ver MSGIC-04).
- g) Ser informada polo Vicedecano/a de Calidade dos resultados das enquisas de satisfacción e propor criterios para a consideración das propostas de mellora que podan derivarse de esos resultados.
- h) Calquera outra función relacionada coa calidade que lle atribúa a Xunta de Centro.

2. A Comisión de Garantía de Calidade estará composta por:

- a) O/A Decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegue, que a preside e convoca.
- b) O/A Vicedecano/a de calidad como vicepresidente.
- c) O/A Secretario/a académico do centro, que exercerá como tal na comisión, actuará con voz e terá voto.
- d) O/A coordinador/a de cada un dos títulos oficiais (grao e mestrado) que se imparten no centro.
- e) O/A administrador/a, ou persoa da administración responsable da xestión administrativa dos títulos do centro en quen delegue.
- f) Dous representantes do PDI do centro.
- g) Dous representantes do alumnado.
- h) Un representante de PAS do centro.
- i) Un técnico da UTC con voz pero sen voto.

---

## **Artigo 22. Comisión de Infraestruturas e Servizos**

### 1. Ten por funcións:

- a) O control da xestión dos servizos comúns da Facultade.
- b) O estudo das necesidades materiais do centro para desenvolver eficazmente a súa labor.
- c) Velar pola conservación e a reparación dos bens comúns, de estaren dentro das capacidades da Facultade.
- d) O control material dos servizos.



- e) A elaboración dunha proposta de reparto dos créditos que se lle concederon ao Centro.
- f) O control e seguimento dos gastos realizados segundo os criterios establecidos no orzamento anual.
- g) Promover e velar pola execución das accións deseñadas para levar a cabo a prevención de riscos laborais.
- h) Calquera outra función relacionada coas infraestruturas ou cos servizos que lle asignara a Xunta de Centro.

2. A Comisión de Infraestruturas estará composta por:

- a) O/A Decano/a, ou Vicedecano/a en quen delegue, que a preside e convoca.
- b) O/A Secretario/a académico do centro, que exercerá como tal na comisión, actuará con voz e terá voto.
- c) Un representante por cada departamento adscrito á Facultade.
- d) Un representante das áreas de coñecemento que teñan encargo docente no Centro e non pertenzan a departamentos da Facultade.
- e) Dous representantes do alumnado.
- f) Un membro do persoal de administración e servizos do Centro
- g) O/A xefe/a do negociado ou persoa responsable de asuntos económicos.

---

### **Artigo 23. Comisión de Cultura**

1. Ten por funcións:

- a) Facer un seguimento da política cultural da Facultade e elaborar propostas encamiñadas a mellorala.
- b) Coordinar as actividades culturais.
- c) Potenciar a creación de grupos artísticos, culturais, deportivos, e de calquera outra manifestación individual ou colectiva vinculada ao desenvolvemento cultural da Facultade e de cantas persoas conviven nela.
- d) Buscar vías de financiamento de proxectos culturais.
- e) Establecer procedementos para que os membros da Facultade estean convenientemente informados das actividades culturais que se realicen.
- f) Deseñar, promover e levar a cabo accións que permitan acercar á sociedade as actividades académicas e científicas do Centro.



g) Calquera outra función que, relacionada coa cultura, lle asignara a Xunta de Centro.

2. A Comisión de Cultura estará composta por:

- a) O/A Decano/a, ou Vicedecano/a en quen delegue, que a preside e convoca.
- b) Un representante por cada departamento adscrito á Facultade.
- c) Un representante das áreas de coñecemento que teñan encargo docente no centro e non pertenzan a departamentos da Facultade.
- d) Catro representantes do alumnado.
- e) Un membro do persoal de administración e servizos do Centro.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

---


#### **Artigo 24. Comisión de Biblioteca**

1. Ten por funcións:

- a) Supervisar e coordinar a adquisición das obras que propuxeran as persoas usuarias da Biblioteca.
- b) Elaborar un regulamento de funcionamento interno da Biblioteca do Centro.
- c) Presentar informes regulares sobre a situación da Biblioteca da Facultade e as súas necesidades.
- d) Atender aquellas funcións que lle confira o regulamento da biblioteca universitaria da Universidade da Coruña.
- e) Calquera outra función relacionada coa biblioteca que lle asignara a Xunta de Centro.

2. A Comisión de Biblioteca de Centro estará composta por:

- a) O/A Decano/a, ou Vicedecano/a en quen delegue, que a preside e convoca.
- b) O/A Director/a da biblioteca da Facultade ou, no seu defecto, persoa encargada, que actuará como secretario/a da mesma.
- c) Un representante por cada departamento adscrito á Facultade.
- d) Un representante das áreas de coñecemento que teñan encargo docente no centro e non pertenzan a departamentos da Facultade.
- e) Tres representantes do alumnado.
- f) Un membro do persoal de administración e servizos da biblioteca do Centro.



---

## **Artigo 25. Comisión de Normalización lingüística**

1. Ten por función servir de nexo entre o Servizo de Normalización Lingüística e a Facultade para garantir, no seu ámbito de actuación, a aplicación das medidas establecidas no Plano de Normalización Lingüística da UDC.
  2. Estará composta por, a lo menos, dous membros do persoal docente e investigador, un membro do persoal de administración e servizos e un representante do alumnado que desexen tomar parte nas súas actividades designados pola Xunta de Facultade.
- 

## **Artigo 26. Comisións convxunturais**

Con carácter convxuntural, a Facultade dispón dunha comisión de seguimento para cada un dos títulos que se imparten nela, cuxa composición se recolle no MSGIC.

---

## **Artigo 27. Outras figuras con funcións de coordinación**

Serán nomeadas pola Xunta de Facultade, a proposta do equipo decanal, as seguintes figuras de apoio á organización e coordinación:

- a) Coordinadores de títulos (un por título)
  - b) Tutores de prácticas en empresas, consonte ao previsto pola normativa de dedicación docente da UDC
  - c) Titor/a académico/a para intercambios internacionais (un/unha das persoas que componen o equipo decanal)
  - d) Coordinador/a académico/a para relacóns nacionais, que podería coincidir co de intercambios internacionais.
  - e) Coordinador/a do plan de acción titorial.
  - f) Outras que puideran requirirse para o bo funcionamento do centro.
- 

## **TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE DOCENTE**

### **Artigo 28. A especificidade dos estudos.**

A Xunta de Facultade é consciente da importancia da docencia práctica na formación e capacitación dos estudiantes, e que deben considerarse as propias peculiaridades e necesidades específicas destas ensinanzas.

Para elo a Xunta de Facultade arbitrará as medidas e medios necesarios para coñecer e fomentar a calidade de docencia impartida na Facultade. Establecerá os mecanismos de seguimento e avaliación, e para a súa adaptación aos estándares de calidade establecidos polos organismos competentes.

Arbitraranse, asemade, as medidas precisas para facilitar o acceso dos alumnos/as a prácticas en empresas e institucións, que lles permitan ter un primeiro contacto co entorno laboral.

Finalmente, velarase moi especialmente pola calidade na temática e no desenvolvemento dos Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Mestrado.

---

### **Artigo 29. O Plano Académico**

Previo ao comezo de cada curso, a Xunta de Facultade tratará a aprobación, a proposta do decanato, do Plano Académico do curso seguinte. Este Plano contemplará o calendario, os horarios das materias, as datas das convocatorias oficiais de exames, alteracións do calendario (festivos entre semana, etc), e outras que se consideren relevantes.

---

### **Artigo 30. Criterios para a elaboración de horarios académicos**

A Xunta de Facultade é consciente da importancia que ten a elaboración dos horarios académicos de cada curso para a optimización da actividade docente. Por isto, a Xunta de Facultade será o órgano que debe establecer e aprobar os criterios xerais que garantan a súa correcta elaboración.

---

### **Artigo 31. Criterios de agrupamento dos alumnos**

A Xunta de Facultade, para a optimización dos estudos, establecerá e aprobará uns criterios de agrupamento dos alumnos nas materias que componen o Plan de Estudos, segundo as características teórico-prácticas das mesmas.

---

### **Artigo 32. Utilización das aulas**

A Facultade dispón de aulas de docencia expositiva, de seminario, de videoconferencia e de informática, laboratorios de prácticas, laboratorios de investigación e outros espazos no centro, cunha utilización docente específica. Por isto, a Xunta de Facultade, para a optimización da actividade docente nas mesmas, deberá establecer e aprobar uns criterios e normas de utilización, e se for preciso, velar polo seu axeitado uso de acordo con ditos criterios.

---

### **Artigo 33. Normativa académica de evaluacións, cualificacións e reclamacións de exames**

O procedemento de evaluación, de cualificacións e de reclamación quedará ao disposto na Normativa de evaluación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, aprobada en cada momento polo Consello de Goberno da UDC.



---

## TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

### Artículo 34. Recursos económicos

1. Para a realización da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a Facultade dispón:
  - a. Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b. Dos recursos que os Orzamentos da Universidade da Coruña lle asigne.
  - c. Calquera outro recurso que puidera serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de governo da Facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos á mesma. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos á Facultade, e esta será supervisada polo Decano/a.

---

## TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

### Artigo 35. Iniciativa de reforma do Regulamento

Poderán propor a reforma do presente Regulamento o/a Decano/a ou un terzo dos membros da Xunta de Facultade, que presentarán a súa proposta de modificación perante escrito motivado dirixido ao/á Decano/a.

---

### Artigo 36. Tramitación de reforma do Regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo Decano/a aos membros da Xunta de Facultade, que disporán de quince días para presentar emendas.

Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria da Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria achegaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e votación.

---

### Artigo 37. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento

Para a modificación do Regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.



---

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

### **ÚNICA. Período de adaptación das Comisións Permanentes e Comisións de Traballo**

As comisións existentes na Facultade á entrada en vigor do presente Regulamento, extinguiranse no prazo máximo dun mes, debendo conformarse e constituírse as novas comisións de conformidade co disposto neste Regulamento en dito prazo.

---

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA. Derrogatoria**

Queda derrogado o anterior Regulamento de Réxime Interno da Facultade.

### **SEGUNDA. Entrada en vigor**

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

DILIXENCIA para fazer constar que o presente *documento* composto de 19 páxina/s numerada/s e selada/s, *foi aprobado* polo Consello de Goberno na súa sesión de data **31 de maio de 2017**

O secretario xeral



Asdo. *Carlos Aymerich Cano*